

A VIDA DE BRIAN

[Terry Jones, 1979]

516

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 23.04.2019 e 25.04.2019

Monty Python's Life of Brian (1979, 93')

Dirección: Terry Jones

Guión: Terry Gilliam, John Cleese, Michael Palin, Graham Chapman, Eric Idle, Terry Jones

Elenco: John Cleese, Michael Palin, Graham Chapman, Eric Idle, Terry Jones, Terry Gilliam, Sue Jones-Davies, Carol Cleveland, Terence Bayler, Andrew MacLachlan, Charles McKeown

Son: Garth Marshall

Música: Geoffrey Burgon

Montaxe: Julian Doyle

Dirección de arte: Roger Christian

Vestuario: Charles Knode, Hazel Pethig

Fotografía: Peter Biziou

Produtora: HandMade Films (Reino Unido)

Distribuidora: Versión Digital

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Boom Bust Boom, 2015

Absolutamente todo, 2015

Viento en los saucos, 1996

Erik el vikingo, 1989

Servicios muy personales, 1987

O sentido da vida, 1983

Os cabaleiros da mesa cadrada e os seus tolos seguidores, 1975

SINOPSE

Brian nace nun presebre de Belén o mesmo día que Xesucristo. Unha morea de desgrazados e divertidísimos equívocos farán que leve unha vida paralela á do verdadeiro Fillos de Deus. As súas poucas luces e o ambiente de decadencia e caos absoluto en que se atopa a Galilea daqueles días levarano a vivir en mans da súa nai, dunha feminista revolucionaria e do mesmo Poncio Pilatos, a súa propia versión do calvario.

«Xenerosas doses do máis refinado e malévolo humor británico, sá irreverencia, ironía salvaxe e corrosión xeralizada. É, ademais, unha obra mestra»

Antonio Albert, EL PAIS



Fanatismo e cinema: *A vida de Brian*, un Deus sen intencións

Por Gretel Herrera

Dos comediantes que mellor se burlaron do fanatismo sobresaen os Monty Python. Xurdido en 1960 cun famoso programa de comedia, o grupo concibiu entre 1969 a 1974 un tipo orixinal de comedia intelixente e profundamente irreverente que o deu a coñecer en todo o mundo. Entre as súas longametraxes resalta unha triloxía que podería resumirse co nome do último filme. Cuestionando, a través da sátira e con toda a incorrección propia do seu estilo humorístico, *Os cabaleiros da mesa cadrada e os seus tolos seguidores*, *A vida de Brian* e *O sentido da vida* quedan rexistrados como clásicos da desvergoña e da audacia burlona. Os Python cuestionan todo, e a súa comedia funciona á perfección como esa válvula de escape ante a realidade esmagadora do mundo. A súa farsa desprega, con toda a súa crueza, esa pulsión sadomasoquista que ten como fondo o humor e a procura dunha risa que funciona como compensación, ante a frustración que xera o fracaso da orde social e os ideais da cultura.

A vida de Brian constituíu o maior éxito de despacho de billetes do grupo e un verdadeiro escándalo moral, sendo a película británica máis recadadora nos

Estados Unidos. A piques de fracasar o proxecto polo sensíbel do tema que trata, foi o ex Beatle George Harrison quen salvou o proxecto a cambio de moitos sacrificios persoais. Catalogada de sacrílega e obscena, a súa estrea prohibiuse en varios países e forxou un soado aquelarre que só lle deu maior relevancia.

O filme recolle todo o compendio temático e o repertorio hilarante que por anos foron puíndo. Establecido sobre a base do equívoco, o filme narra a vida de Brian Cohen, un neno que nace o mesmo día que Xesús nunha casa veciña. Colócase nun contexto cotiá unha situación mítica, xerando, a través do “desaxuste fundamental da realidade”, unha situación de esmendrelle, virando o interese cara a un veciño, xa que a burla directa a unha figura capital na historia da humanidade tería sido unha confrontación innecesaria. Cos fanatismos non vale ir de fronte, xa que non hai racionalidade nin diálogo na mente dun fanático, é por iso que esta permuta cara un fogar veciño coloca aos Python nun terreo suxerido, non perdendo por iso o filme a súa calidade crítica e desacralizadora.

Desde un punto de vista sociolóxico, o rir está fortemente vinculado coa transgresión, xa que como expresa Peter Berger «as realidades cómica, estética e sexual son subversivas, potencialmente polo menos. Se se permite que emerxan con toda a súa forza, poden chegar a contaminar coa súa lóxica estraña as preocupacións serias da vida cotiá». E é, sen dúbida, a relixión unha desas preocupacións profundamente serias

que o filme pon en cuestión. A través da historia de Brian, composta por unha serie de sketches, o filme vai desmontando o mito. Comezando polo predicador que non se oe, o verdadeiro Xesús que reparte bendicións desde un montículo, pero como non se escoita ben na multitude vai dando pé a libres interpretacións. A nai de Brian abúrrese e prefire ir ver un espectáculo máis común, un apedramento. É nesta primeira escena onde Brian ve por primeira vez a Judith, pola cal se verá mergullado en múltiples equívocos.

O cuestionamento das ideoloxías, a relativización da sacralidade e a ridiculización das supersticións son constantes sobre as que se move un filme que volve ocuparse de temas xa transitados polos comediantes, como «a fiabilidade da lei, o absurdo dos protocolos e rituais da cultura, o anacronismo das células reaccionarias, as utopías e os seus excesos ou as fallas fundamentais da lóxica do sentido humano» (Escobar, 2015).

A lucidez da parodia, a súa riqueza erudita e coñecemento das causas que se cuestionan e a visión pasiva que deixa como reflexión final -sempre hai que mirar o lado bo da vida, aínda que esteas esperando a ser crucificado- é parte dunha unha ideoloxía grupal que está ben afastada de calquera fanatismo. A risa como medio de expresión e crítica social é a fortaleza dun grupo, que atopa nese acto supremo de liberdade os medios para subverter e revalorizar as prioridades dunha sociedade global.

Publicado en <http://www.lespectadorimaginario.com> (Outubro de 2016)
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Gilliamismos, Terry Gilliam. Malpaso, 2016

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax

